

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MAR E A FEDERACIÓN
PROVINCIAL DE CONFRARÍAS DE PESCADORES DA CORUÑA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro **DECLARA:**

Que esta Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro ten previsto formalizar coa Federación Provincial de Confrarías de Pescadores da Coruña o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 31.05.2022 ata o 16.12.2022.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as condicións de colaboración entre a Consellería do Mar e a Federación Provincial de Confrarías de Pescadores da Coruña co fin de financiar as inversións que leve a esta institución sen ánimo de lucro a acadar a mellora da competitividade.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Que se trata dunha subvención nominativa porque na Lei 17/2021, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022 figura a dotación orzamentaria no capítulo VII de Transferencias de Capital, 15.03.722A.781.3, proxecto 2014 00639, destinada a financiar convenios coas federacións de confrarías de pescadores para realizar determinadas inversións.

E de conformidade co artigo 26 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente.



Que os investimentos previstos que ten previstos acometer coa axuda da Consellería do Mar teñen por obxecto prestar mellores e mais eficientes servizos e un mellor desenvolvemento das actividades propias da mesma seguindo os avances tecnolóxicos, as novas formas de xuntanzas telemáticas e a custodia telemática dos documentos destas xuntanzas cumprindo a lei de protección de datos.

Os investimentos pois centraranse nos seguintes obxectos:

- Adquisición de equipos hardware profesionais para a execución de conferencias nas propias instalacións da Federación de Confrarías de Pescadores da Coruña, como tamén de videoconferencias ou reunións telemáticas en remoto que teña a federación, que serán gravadas con este equipo.
- Adquisición dunha aplicación informática e o desenvolvemento das solucións informáticas precisas para a custodia documental das actas da federación, en formato documental (PDF) e en formato audiovisual (MP4), garantindo a súa custodia e cumprindo a Lei de protección de datos.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro do 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria , en Santiago de Compostela

A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

Susana Rodríguez Carballo

(asinado dixitalmente)

